



A/A CONSELLEIRO DE SANIDADE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A/A DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

DE: XUNTA DE PERSOAL DA ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA-CEE, enderezo a efectos de notificación as Xubias de Arriba, 84, 15006, A Coruña,

A Xunta de Persoal desta área quere manifestar a súa rotunda oposición á decisión da Consellería da renovación directa dos contratos de "acumulos de tarefas" por causa covid-19.

Estes contratos deberan de ser ofertados por orde de prelación de listas aos profesionais que lles houbera correspondido mais non de forma directa, non respectando as listas de contratación, nin os acordos das mesas de contratación.

Os "acumulos de tarefas" causa covid-19 non computan aos efectos dos 180 días que se permiten realizar baixo o vínculo "acumulo de tarefas" o que provoca unha gravosa diferenza entre profesionais que estiveron atendendo aos mesmos pacientes (covid-19) e por un cuestión de "azar" teñen outro tipo de vínculo.

Actualmente estes acumulos están a ser "utilizados" para a cobertura de todo tipo de ausencias: incapacidades temporales, vacacións, días de permiso, etc. Isto supón un fraude na contratación xa que non se está a contratar segundo a orde de vínculos. Ademais de contrapor ao afirmado, por parte da Directora de RRHH do SERGAS nunha reunión da mesa central de contratación, onde asevera que en ningún caso van a empregarse para a cobertura destas ausencias.

Esta contratación directa ten que finalizar xa e non pode verse de novo renovados a día 31 de agosto os "acumulos de tarefas" aos mesmos profesionais que teñen este contrato, xa que sería perpetuar un fraude na contratación ademais de non respectar así nin acordos de mesas de contratación nin a orde de prelación das/os aspirantes das listas de contratación.

Apoian ao escrito as Xuntas de Persoal de Monforte, Lugo, Ourense, Santiago - Barbanza,

Burela

Asinado

María Jesús Seijo García

